

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN ENXEÑARÍA QUÍMICA E BIOPROCESOS

- Día: Venres 4 de febreiro de 2022
- Lugar: Sala X3.2 (ETSE) + MS-Teams
- Hora de inicio: 13:00 h
- Asistentes: Adrián Carpena Viqueira, Cristina Díaz Jullien, Julia González Álvarez, M. Trinidad de Miguel Bouzas, Ramón F. Moreira Martínez, M. Carmen Palacios Oubiña, Eva Rodil Rodríguez, M. Dámaso Rodríguez Fernández, Héctor Rodríguez Martínez, Ana M. Soto Campos.
- Escusan a ausencia: Anuska Mosquera Corral.

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 24-1-2022.
2. Ratificación de informe favorable de solicitude de recoñecemento de complemento por mérito docente (quinquenios), convocatoria 2021.
3. Informes.
4. Tribunais de defensa de TFM na convocatoria de febreiro de 2022.
5. Asuntos de trámite.
6. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión da Comisión de data 24-1-2022.

Apróbase a acta por asentimento.

2. Ratificación de informe favorable de solicitude de recoñecemento de complemento por mérito docente (quinquenios), convocatoria de 2021.

Por causa dun despiste no envío da correspondente mensaxe de correo electrónico, o profesor do MEQB Juan R. Piñeiro Chousa non presentou a súa solicitude de recoñecemento de complemento por mérito docente da convocatoria de 2021 no prazo estipulado pola ETSE. Unha vez detectado o problema, fixo realmente efectiva a súa solicitude o pasado 30 de xaneiro, acompañando a documentación preceptiva. Á vista da devandita documentación, a Comisión acordou, polo procedemento de urxencia con data 31-1-2022, informar favorablemente sobre a actividade e cumprimento das obrigas docentes do profesor Piñeiro Chousa.

Ratifícase por asentimento esta aprobación efectuada polo procedemento de urxencia.

3. Informes.

2.1) Celebración da "Xornada de Investigación en Enxeñaría Química" o pasado 1 de febreiro.

O martes 1 de febreiro pola tarde celebrouse no salón de actos da ETSE (e con conexión por streaming vía Teams para permitir a participación de persoal inscrito que se atopaba confinado por mor da COVID-19) a "Xornada de Investigación en Enxeñaría Química". Participaron como poñentes

profesores representantes de 5 grupos de investigación do Departamento de Enxeñaría Química. A audiencia estivo finalmente constituída por 17 estudantes do MEQB.

4. Tribunais de defensa de TFM na convocatoria de febreiro de 2022.

Recibíronse 5 solicitudes de defensa de TFM para a convocatoria de febreiro de 2021. Proponse a distribución destas defensas en 2 tribunais, segundo as táboas seguintes:

Tribunal 1			
Presidente	Secretario/a	Vogal	Suplente
Ramón J. Méndez Pampín	Juan R. Piñeiro Chousa	M. Teresa Moreira Vilar	José A. Souto González

Defensas de TFM – Tribunal 1			
Hora	Alumno/a	Título	Titor(es)
16:00-16:30 (sesión privada) 16:30-16:35 (sesión pública)	Varela Sánchez, Miriam	Caracterización da madeira de eucalipto para o estudo dos parámetros de operación e dos defectos da chapa dunha liña de secado en ASERPAL S.A.	- González Álvarez, Julia - Moreira Martínez, Ramón F. (cotitor) - Trujillo Gómez, Alba (cotitora)
16.35-16:40 (sesión pública) 16.40-17:10 (sesión privada)	Diego Pérez, Carla	Estudo da reacción entre o isopropanol e distintos ácidos para o seu uso como medio de activación de fibra cítrica con propiedades xelificantes	- González Álvarez, Julia - Fernández Moure, Cristina (cotitora)
17:10-17:40	Giner Rajala, Óscar Vicent	Síntese e caracterización de polioxometalatos inspirados en líquidos iónicos para a súa aplicación en supercondensadores	- Rodríguez Martínez, Héctor - Giménez López, María C. (cotitora)

Tribunal 2			
Presidente	Secretario/a	Vogal	Suplente
Ana M. Soto Campos	Eva Rodil Rodríguez	M. Dámaso Rodríguez Fernández	M. Ángeles Val del Río

Defensas de TFM – Tribunal 2			
Hora	Alumno/a	Título	Titor(es)
16:00-16:30	Prieto Fernández, Adrián	Estudo e optimización da etapa de estruxado no proceso de produción de taboleiro de fibras MDF en FINSA Orember	- González Álvarez, Julia - Sánchez Sánchez, Javier (cotitor)
16:30-17:00	Camacho Blanco, Claudia Irene	Avaliación ambiental e económica da produción de biohidróxeno a partir do proceso de fermentación escura de correntes residuais	- Moreira Vilar, M. Teresa - Conde López, Julio J. (cotitor)

Apróbase a configuración destes tribunais.

Acórdase tamén que os titores académicos suban directamente á secretaría virtual o documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, incluíndo a cualificación outorgada. Os titores de empresa utilizarán igualmente o correspondente documento de avaliación conforme a rúbrica de TFM, pero no seu caso remitirano á secretaría administrativa da ETSE, que despois lle dará traslado ó presidente do tribunal.

5. Asuntos de trámite.

Non hai asuntos que tratar.

6. Rolda aberta de intervencións.

Julia González pregunta se houbo manifestacións de interese para matricularse como alumnado de novo ingreso no 2º semestre. Aínda que o Coordinador solicitara o anticipo do período desta matrícula para o MEQB, semella que é posible efectuala no prazo xeral que vai do 4 ó 11 de febreiro. A aparición de novo alumnado a estas alturas do semestre, coas clases do módulo 3 xa moi avanzadas, podería causar importantes perturbacións no desenvolvemento metodolóxico dalgunha das materias. O Coordinador comenta que non é coñecedor de ningún interese viable; unicamente o contactaron ó respecto estudantes do Grao en Enxeñería Química que van defender o TFG na convocatoria de febreiro, pero que non lles é posible matricularse por ser a defensa do TFG posterior ó prazo de matrícula.

Sendo as 13:30 h, conclúe a reunión.

En Santiago de Compostela, a 4 de febreiro de 2022.

Héctor Rodríguez – Coordinador do MEQB